


Tempos para contar

Un programa de voluntariado cultural ofertado pola Biblioteca Uxío Novoneyra en colaboración con entidades sociosanitarias de A Coruña



Biblioteca Uxío Novoneyra
bibliocifpanxelcasal.blogspot.com.es/
twitter.com/BibliotecaAC



O CIEP Ánxel Casal-Monte Alto



- Comunidade educativa moi ampla.
 - Diversidade
 - Presenza maioritaria de mulleres
 - O “paso rápido” polo centro.
 - A diferenza da valoración social entre as dúas familias profesionais.
1. A importancia dun espazo amable.
 2. A diversidade como riqueza.
 3. A igualdade como condición irrenunciable.
 4. O valor dunha formación comprometida

A nosa biblioteca...



A importancia de buscar un espacio amable...



A biblioteca como un espazo “de e para” todas e todos, un lugar vivo no que aprender, atopar, compartir...



Nesta zona da sala podes tomar o teu café.



Grazas por manter este espazo ordenado e limpo.





Nome: **Noelia**

Tipo de socia: **Toda unha vida por ler**

Noelia tamén encherá de vida o noso espazo...
cada vez que a súa nai compartía con ela os
cantos e os contos que aquí se agochan



Toda unha vida por ler

Biblioteca Uxío Novoneyra
CIFF Ánxel Casal Monte Alto
<http://bibliocifpanxelcasal.blogspot.com.es/>
<https://twitter.com/BibliotecaAC>



Desde a biblioteca do noso centro
dámoslle unha agarimosa benvida a

Noelia

Con ela veñen unha chea de días e
noites nos que medrar, aprender,
compartir e descubrir.

Días e noites nos que lle dedicarás
un canto e un conto.

Que sería das noites sen os cantos
de berce...

Que sería dos días sen a calor dun
conto...

Noelia encherá a vosa vida de
arrosos e contos, e traerá con ela
o mellor dos agasallos posibles...


Toda a súa vida por ler!




**Dame un bico e un arrolo,
aloumiñame no colo,
dáme tamén a cariña,
quero tela xunto a miña.**

**Flor de liño, pel de seda,
xa non chora a miña nena.
Flor das flores, flor de liño,
xa non chora o meu meniño.**

A importancia de diseñar ocasiones para compartir...



As mulleres que len son perigosas



A/A das mulleres que traballan na cafetería do C.I.F.P. Ánzel Casal Monte-Alto

Moi bo día a todas:

Desde a biblioteca solicitamos a vosa colaboración para poñer en marcha unha actividade que terá que ver con... **mulleres e lectura.**

Como sabemos que vos sobran cousas que facer, imos procurar non enredarvos máis de 5 minutos. Aí vai a proposta!

Minuto 1: pensa nun libro que che guste moito.

Minuto 2: pensa nun lugar deste centro onde o lerías con agrado (pode ser no interior ou no exterior do mesmo, pode ser agochada ou ás claras...)

Minuto 3: Faite unha foto lendo ese libro no lugar escollido.

Minuto 4: envíanos a túa foto a este E-mail biblioteca.cifpanxelsaca@gmail.com (tes ata o 5 de febreiro para facela e enviala)

Xa está!!!

Quédache 1 minuto? Daquela, se podes...

Minuto 5:inclúe na túa mensaxe a resposta a estas dúas preguntas:

Recordas quen che lía ou che contaba de pequena?

Recordas especialmente algo que che lera ou che contara esa persoa?

A foto poderá ser individual ou en grupo.

Podedes decidir libremente a súa composición: vós lendo de xeito que se vos vexa con claridade... vós lendo de xeito que non se aprecie quen sodes pero si un anaco do libro que ledes...búscade a forma na que vos sintades máis a gusto.

Se o preferides, podedes solicitar que alguén do equipo vos faga a foto, nese caso facédenolo saber e buscaremos o momento oportuno.

Se vos animades a contarnos quen vos lía e que vos lía, será máis que suficiente con algo así:

A min líame miña irmá maior. Quedábase espertas toda a noite de Reises...líamos un librillo chamado "Bajo las lilas".

Moitas, moitísimas grazas pola vosa atención e pola vosa participación nesta proposta.

Un saúdo.

Equipo de Biblioteca.



"As mulleres que len son perigosas"

Biblioteca Ukio Novoneyra (do 8 ó 30 de marzo)
C.I.F.P. Ánzel Casal Monte-Alto.

bibliocifpanxelsaca.blogspot.com.es
twitter.com/BibliotecaAC


Non te namores dunha muller que le, dunha muller que sente demasiado, dunha muller que escribe... Non te namores dunha muller culta, maga, delirante, tola. Non te namores dunha muller que pensa, que sabe o que sabe e ademais sabe voar, unha muller segura de si mesma. Non te namores dunha muller que ri ou chora facendo o amor, que sabe converter en espírito a súa carne; e moito menos dunha que ame a poesía (esas son as máis perigosas), ou que se quede media hora contemplando unha pintura e non saiba vivir sen a música. Non te namores dunha muller á que lle interesa a política e que sexa rebelde e vertixe un inmenso horror polas inxustizas. Unha á que lle gusten os xogos de fútbol e de pelota e non lle guste para nada ver a televisión. Nin dunha muller que é fermosa sen importar as características da súa cara e do seu corpo. Non te namores dunha muller intensa, lúdica, lúcida e irreverente. Non queiras namorarte dunha muller así. Porque cando te namoras dunha muller como esa, quédesse ela contigo ou non, ámete ela ou non, dela, dunha muller así, XAMATIS se volta.

Rivera-Garrido, Martha (18 de febreiro de 2014) "No te enamores...", En Blog "¡Su boca es su medida!".
WordPress (Acceso: 29/01/2016, disponible en <https://subocassumedita.wordpress.com/>).



Nunca esquezas que unha cita ... é unha cita!

As fontes elegidas merecen ser presentadas con todo luxo de detalles.



Easybib: ferramenta que permite citar as nosas fontes tan só con proporcionarlle algún dato sinxelo.

A autoría é cousa de todos!

Cada un é quen de decidir o uso que os demais poden facer das súas creacións



Creative Commons: unha licencia creative commons permite que nós decidamos dun xeito simple como compartir e usar o que creamos.

E ti... canto queres compartir?

Anímate a participar!!!

Cubre a túa inscrición e depositaa na caixa que atoparás no mostrador da biblioteca.



ReCrea_T na Rede



1. Gardo: Diigo+Dropbox
2. Ordeno: Pinterest
3. Creoo: Piktochart+Moovly
4. Cito: Easybib
5. Comparto: Creative Commons

O alumnado de Animación Sociocultural e Turística invítate a participar en "ReCrea_T na Rede"

Tardes de mércores para coñecer ferramentas e aplicacións coas que vivirás na nube!!!

Escribe o teu nome ou enderezo de correo

INVITACIÓN

O noso espazo: un lugar para compartir con outros...



Xogos, cantos e contos compartidos entre a Escola Infantil Monte Alto e o CS de Animación Sociocultural e Turística!




O voluntariado...

Unha posibilidade máis de:

- Compartir e intercambiar en espazos amables
- Poñer en valor a diversidade
- Defender a igualdade
- Contribuír á formación duns profesionais comprometidos/as.

Comenzamos . . .



1. indagamos o interese do alumnado: nas sesións de presentacións, nos momentos de compartir, en toda ocasión posible...

2. Confirmamos un interese que cremos debemos intentar corresponder.

3. Deseñamos as liñas xerais da proposta:

- o voluntariado dentro do noso centro
- o voluntariado en colaboración con entidades sociosanitarias

4. Tanteamos as posibilidades de colaboración con entidades: elaboramos correo e carta de presentación da idea para facer chegar as entidades

5. Recibimos interese por parte dalgunhas

Att da dirección do Centro de Día Mayores en A Coruña

Bo día: dende a biblioteca Uxío Novoneyra do CIEP Ánxel Casal Monte-Alto en A Coruña, gustaríanos facervos chegar unha proposta de colaboración entre os nosos centros.

A nosa biblioteca está dirixida a profesionais en formación das ramas sanitaria e social. É o noso desexo ofrecer ó noso alumnado ocasións de colaboración e voluntariado con entidades de carácter sociosanitario. Consideramos irrenunciábel o traballo neste ámbito como parte dunha formación que se considere humana. Así pois, estamos a contactar con entidades de ambos ámbitos para abrir vías de relación e colaboración.

En relación á entidade na que levades a cabo o voso traballo, a nosa proposta inicial sería a seguinte:

1º- Elaborar unha pequena selección de libros e películas e establecer un sistema de préstamo dos mesmos ("Caixa de préstamo" que viaxa do noso centro ó voso unha vez ó mes ou unha vez ó trimestre....)

2º - Ofrecer a posibilidade de que un/unha persoa voluntaria realice actividades de animación á lectura e/ou outras actividades culturais no voso centro coa periodicidade que consideredes oportuna.

As portas da nosa biblioteca e do noso centro estarían abertas para a visita dos/as vosos usuarios/as, e mesmo para a realización de actividades de animación á lectura ó longo do curso.

Así pois, agardamos que a proposta sexa do voso agrado e que nos fagades as achegas que considerades oportunas de cara a concretar unha colaboración entre as nosas entidades.

Recibide un cordial saúdo desde a Biblioteca Uxío Novoneyra.

Propostas de actividades posibles dentro do programa de voluntariado da biblioteca Uxío Novoneyra (CIEP Ánxel Casal - Monte Alto) Marca cunha aspa aquelas actividades nas que a túa entidade podería estar interesada	
- Caixas de fondos en préstamo: temáticas ou variadas	
- Organización de espazos para a lectura: catalogación de fondos, organización do espazo, algunhas pautas para a elaboración de pequenos espazos expositivos...	
- Sesión de lectura compartida: lectura de contos, álbums ilustrados, libros... por parte do/a voluntario/a (a demanda ou suxerida)	
- Vídeo-forum para grupos: proxección comentada dunha película ou dunha curtametraxe	
- Alfabetización informática: manexo básico dun ordenador (formatear un texto, correo electrónico, procuras na rede...)a actividade podería ser realizada na vosa entidade ou no noso centro	


1. Con que periodicidade queredes recibir os/as voluntarios/as? (marca cunha aspa a opción máis adecuada)

Unha vez á semana
Unha vez cada quince días
Unha vez ó mes

2. Tes algúnha prioridade horaria para a realización de actividades cos/as voluntarios/as? Fai constar aquí as túas posibilidades

3. Outras cuestións que nos queiras facer chegar: suxestións, observacións...

Concretamos posibilidades...



6. Levamos a proposta a claustro como parte das liñas prioritarias do PLAMBE
7. Levamos a proposta ó Consello Social
8. Concretamos coas entidades as posibilidades...
9. Lanzamos a proposta ó alumnado...

Tempos para contar

Un programa de voluntariado cultural ofertado pola Biblioteca Uxío Novoneyra en colaboración con entidades sociosanitarias de A Coruña

Ficha de inscrición

Nome e apelidos:

Data de nacemento:

Ciclo, curso, réxime no que estás matriculada/o:

E-Mail:

Tífono:

Entidade/es, actividade/s e horarios preferidos:

Motivos polos que solicita a participación neste programa:

Entidades participantes	Colectivos cos que traballan	Actividades ofertadas	Horarios
Biblioteca Uxío Novoneyra do CIFP Ánxel Casal-Monte Alto	Comunidade educativa do CIFP Ánxel Casal-Monte Alto	- Organización de caixas de préstamo. - Mantemento do espazo - Organización intercambios de libros. - Dinamización de recunchos de lectura.	Recreos (luns a xoves) Luns, martes e mércores de 12 a 13 ou de 19 a 20 horas.
Asociación Miguel Morás Praza Laxes de Orro, 2,baixo. 15008, A Coruña.	Unidade de tratamento de alcol e condutas aditivas.	- Organización e catalogación de fondos. - Rutas culturais pola cidade.	- Martes e xoves de 12 a 13 (Sem) - Luns a xoves, tardes (quin)
Centro de día Monte Alto Ronda de Monte Alto, s/n, 15002 A Coruña	Persoas maiores	- Recepción de caixas de préstamo - Lecturas compartidas - Videoforum	De luns a xoves, de 11 a 12 ou de 15:30 a 16:45 (quin)
Centro de Día Mayores SL r/ San Luís, 46. 15007	Unidade de Alzheimer especializada	- Lecturas compartidas - Videoforum	Luns a xoves, de 11 a 13 ou de 16 a 17:30 (quin)
Hogar de Sor Eusebia Lugar de Mazaido, 38, 15010, Bens, A Coruña.	Persoas sen fogar	- Lecturas compartidas - Videoforum - Rutas culturais - Alfab dixital	Luns ou venres polas tardes (sem)
Centro de Menores Concepción Arenal Lugar Palavea, 2, 15008	Menores sometidos a medidas xudiciais	- Recepción de caixas de préstamo. -Lecturas compartidas - Rutas culturais	Venres pola mañá (quin)

Tempos para contar

Un programa de voluntariado cultural ofertado pola Biblioteca Uxío Novoneyra en colaboración con entidades sociosanitarias de A Coruña



"Tempos para contar" ten solicitada a súa adhesión a "Voluntariado na Biblioteca Escolar" dentro do programa Bibliotecas Escolares Solidarias.

Biblioteca Uxío Novoneyra
[bibliocifpanxelcasal.blogspot.com/es/](http://bibliocifpanxelcasal.blogspot.com.es/)
twitter.com/BibliotecaAC



5 preguntas básicas

1. Que é "Tempos para contar"?

Programa de voluntariado cultural organizado pola Biblioteca Uxío Novoneyra do CIFP Ánxel Casal-Monte Alto en colaboración con entidades sociosanitarias da nosa cidade.

Tamén pretende ser:

- Unha ocasión para a interrelación entre o alumnado e os colectivos cos que intervirá no seu futuro profesional.
- Unha oportunidade de contacto persoal que axude a afianzar o compromiso cos outros e a firme creanza nunha atención que non pode perder de vista o seu carácter humano.
- Unha chea de tempos para intercambiar historias e experiencias que darán para moito contar...

2. Quen pode participar?

O alumnado maior de idade matriculado en oferta presencial, en rexime ordinario o modular, en calquera dos ciclos ofertados no CIFP Ánxel Casal-Monte Alto.

3. Cales son os teus dereitos como participante?

- Recibir formación
- Ser apoiada/o e acompañada/o por profesorado do equipo de biblioteca.
- Participar activamente no deseño, realización e avaliación das actividades.
- Renunciar á túa participación logo de ter avisado debidamente e con tempo prudencial.
- Recibir Diploma de acción voluntaria emitido pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

4. Cales son as túas obrigas como participante?

- Asinar un compromiso de participación no que establecerás coa coordinadora da biblioteca o horario e as tarefas que realizarás.
- Participar nas accións formativas ofertadas.
- Comportarse de xeito respectuoso e responsable.
- Coidar as instalacións e os materiais proporcionados.

5. Que tes que facer para inscribirte?

- Sería conveniente que asistises a algunha das charlas de presentación que terán lugar nos días e horas ofertados a continuación, escolle a que máis se adapte a ti:

* **Mércores 13 de decembro, no salón de actos de 11:30 a 12:00 horas ou de 19:00 a 19:30.**

* **Venres 15 de decembro, no salón de actos de 11:30 a 12:00 horas ou de 19:00 a 19:30.**

- Consulta a oferta de actividades e lugares de realización no cadro da contraportada, e fai a túa elección. Podes poñer ata un máximo de 3 opcións por orden de prioridade, pensa que sempre vai ser preciso poder adicar momentos á preparación das actividades co equipo de biblioteca, reserva algún tempo para asegurar esa posibilidade.

(Por exemplo: gustárame ser voluntaria na Asociación Miguel Morás, para a actividade de catalogación de fondos, podería asistir os martes ou os xoves, unha vez á semana; tamén me gustaría ser voluntaria no centro de día de Monte Alto, de 11 a 12 horas os luns ou os mércores, unha vez á semana; podería adicar unha hora semanal á preparación das actividades coa biblioteca de 12 a 13)

- Se non o tes claro o equipo de biblioteca intentará axudarte a tomar unha decisión. Podes dirixir as túas preguntas ó noso e-mail: biblioteca.cifpanxelcasal@gmail.com

- Cubre a ficha de participación e entregaa na biblioteca.

10. Solicitamos a nosa participación no programa Bibliotecas solidarias: aprobado en Claustro e Consello Social, recollido no Plan anual....

11. Realizamos o curso de formación: mesa redonda coas entidades, sensibilización sobre a importancia de ser voluntario/a, obradoiro de introducción ás lecturas compartidas



Comenzamos a aventura...

23 alumnos/as dos que firmaron convenio e fixeron a formación están a facer voluntariado

Son estudantes de: Animación Sociocultural, Integración Social, Atención a persoas en situación de dependencia, Farmacia, Audioprótese, Saúde Ambiental



Unha chea de historias por construír no noso espazo e no de 4 entidades:

- UTACA
- Centro de Reeduación de Menores
- Hogar de Sor Eusebia
- Mayores SL

	LUNS	MARTES	Mércores	Xoves	Venres
Recreo da mañán BIBLIOTECA	Lucía (ASCT) Marta (ASCT) Berta (ASCT) Aida (ASCT)	Andrea (ASCT) Nerea (FAR) Malena (FAR) Antía (FAR)	Lucía (ASCT) Marta (ASCT) Berta (ASCT) Aida (ASCT) Bibi (ASCT) María (AUD) Andrea (AUD) Marta (APSD) Pilar (SA)	Andrea (ASCT) Nerea (FAR) Malena (FAR) Antía (FAR)	Bibi (ASCT) María (AUD) Andrea (AUD) Marta (APSD) Pilar (SA)
Recreo da tarde BIBLIOTECA	Ana Lamela Ana M.éndez Paula Mai (INTSO MOD)	Maica Eva Rubén Tamara (INTSO MOD) Noelia Marina Marta (INTSO)	Ana Lamela Ana M.éndez Paula Mai (INTSO MOD)	Maica Eva Rubén Tamara (INTSO MOD) Noelia Marina Marta (INTSO)	
18-19 horas BIBLIOTECA				Lucía (ASCT) Marta (ASCT) Berta (ASCT) Aida (ASCT)	

UTACA: martes pola tarde e mércores pola mañá. Alfabetización dixital. Rutas culturais. Organización da biblioteca
 Mayores SL: xoves pola mañá e xoves pola tarde: reminiscencia, estimulación da memoria...

Centro de Reeducación de Menores Concepción Arenal e Hogar de Sor Eusebia: Proposta de expresión artística a través do traballo coas tipoloxías, os nomes, os graffitis...

Biblioteca Uxía Novoneyra: mantemento do espazo, propostas para intercambio de libros, axuda nas exposicións...

Así están a día de hoxe os
"Tempos para contar"
Agardamos seguir disfrutando e
compartindo...

Moitas grazas pola vosa atención!

